

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA, A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTUTURAS E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS PRECISAS PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO EDIFICIO SITUADO NA RÚA DOMINGO FONTÁN, NÚMERO 9, COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NUN 60% CON CARGO AO PROGRAMA GALICIA FEDER 2021-2027**

Santiago de Compostela,

**REUNIDOS**

Dunha parte, dona María Martínez Allegue, conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, en virtude do seu nomeamento por Decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en nome e representación da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, en virtude das facultades que lle confire o artigo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, don Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación de dita Axencia, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Amtega e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Amtega e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, don Pablo Fernández Vila, director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega), cargo para o que foi nomeado polo Decreto 95/2022, do 9 de xuño, actuando en nome e representación deste, en virtude das facultades do seu cargo e das que lle foron conferidas en virtude das atribucións que lle confire a Resolución do 10 de marzo de 2017 pola que se delegan competencias atribuídas á persoa titular da Presidencia da Axencia Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

As partes recoñécense capacidade e representación suficientes para formalizar o presente acordo de colaboración, e na súa virtude

**EXPOÑEN**



**Primeiro.-** O Instituto Enerxético de Galicia (en adiante Inega) é unha entidade instrumental do sector público autonómico con personalidade xurídica e patrimonio de seu para o cumprimento dos seus fins, que se constitúe en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición a Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, entre os seus fins están "o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, se é o caso, de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do goberno no ámbito das súas competencias".

Que para o exercicio axeitado das súas funcións, o Inega pode establecer convenios e contratos con institucións públicas ou privadas, así como colaborar con outras Administracións para favorecer a adopción de medidas de aforro, de racionalización na produción, distribución e subministración de enerxía (art. 5 da Lei 3/1999).

**Segundo.-** A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), que foi creada mediante o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro. Este decreto regula tanto as súas competencias e funcións como as súa organización e estrutura, o réxime do seu persoal, o réxime económico-financeiro e patrimonial, así como os principios que a orientarán na súa actuación.

A Amtega é unha axencia pública autonómica que ten como obxectivos básicos a *"definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no eido das tecnoloxías da información e a comunicación e a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico"*.

**Terceiro.-** Durante o exercicio 2021, en virtude do Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, suprimiuse o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e modificouse o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e aprobáronse os seus estatutos. Como consecuencia do proceso anterior, o edificio que ata ese momento constituía a sede do Cixtec foi adscrito á Amtega e dado de alta no patrimonio da dita axencia pública autonómica.



**Cuarto.-** As actuacións contempladas no presente acordo axustaranse en todo momento ao establecido no Programa Galicia Feder 2021-2027 e á normativa autonómica, estatal e da Unión Europea que regulamenta este tipo de investimentos, concretamente:

Deberá someterse ás disposicións do Tratado da Unión Europea e aos actos fixados na súa virtude, e será coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias en prol dun desenvolvemento sustentable e mellora do ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento UE 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os devanditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión das Fronteiras e a Política de Visados (en diante RDC), e a súa normativa de desenvolvemento e execución. Igualmente, deberán respectarse as disposicións específicas aplicables do Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión, así como o que se dispoña na súa normativa de desenvolvemento e execución.

Será de aplicación a Orden HFP/1414/2023, de 27 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas financiados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e do Fondo de Transición Xusta para o período 2021-2027

Ademais, será de aplicación toda a normativa de desenvolvemento que aproben as instancias comunitarias, así como a normativa estatal e autonómica que resulte de aplicación, en particular, en materia de contratación pública, de accesibilidade para persoas con discapacidade e cumprimento da normativa ambiental, incluído o principio DNSH. En todo caso, adoptaranse as medidas necesarias para evitar o dobre financiamento do mesmo custo, en particular por parte do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), o Programa Plurirrexional Feder ou outros instrumentos de financiamento da Unión Europea.

**Quinto.-** O edificio, situado na rúa Domingo Fontán, número 9, foi construído en 1995 sen que se teña realizado ningunha reforma de entidade dende a súa construción, contando coa maioría dos equipos de climatización e iluminación orixinais do edificio. Na actualidade o seu uso é



administrativo, no que se localiza, ademais, o Centro de Proceso de Datos da Consellería de Facenda.

Debido á criticidade do seu funcionamento, o centro de procesamento de datos, a zona de oficinas do edificio e o sistema de alimentación ininterrompida dispoñen de sistemas de climatización independentes, sistemas que contan con máis de 20 anos de antigüidade e presentan un alto funcionamento diario. En atención á súa antigüidade, así como desde un punto de vista enerxético, pódese considerar que xa chegaron ó final do seu ciclo de vida, o que fai imprescindible acometer, á maior brevidade posible, unha nova climatización dos mesmos coa finalidade de mellorar o seu rendemento e maximizar o aforro enerxético e económico.

**Sexto.-** O artigo 187 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, establece no seu punto 2 que a construción, reforma, reparación ou rehabilitación de edificios administrativos destinados a albergar os servizos centrais ou territoriais, calquera que sexa o seu ámbito, pertencentes a unha consellería ou entidade pública instrumental será competencia do órgano que as promove.

Con carácter previo á aprobación do proxecto técnico en que se defina a actuación, este haberá de ser informado favorablemente por la consellería competente en materia de patrimonio (Consellería de Facenda e Administración Pública), ao obxecto de garantir a aplicación dos principios xerais de xestión de inmobles, a uniforme aplicación de criterios xerais de planificación de espazos e usos administrativos e la imaxe unificada do edificio.

No presente caso, polo tanto, e á vista do indicado no antecedente anterior, o órgano competente, de conformidade co disposto no referido artigo 187.2, é a Amtega.

**Sétimo.-** A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas configúrase, de acordo co disposto no 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, como o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de vivenda, urbanismo e planificación de infraestruturas, que exercerá no nivel de desenvolvemento que se indica neste decreto para cada un dos seus órganos integrantes.



**Oitavo.-** Para acometer as obras de mellora de eficiencia enerxética do edificio situado na rúa Domingo Fontán, número 9, a Amtega carece dos medios persoais e técnicos para levar a cabo este investimento.

**Noveno.-** A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, regula a colaboración no ámbito do sector público autonómico, partindo dos principios de colaboración, cooperación e asistencia recíprocas co fin de garantir a eficacia do sector público e o uso eficiente dos recursos públicos.

En concreto, o artigo 8 desta lei regula a autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público, segundo o cal a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico.

Para estes efectos, cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan.

O artigo 10 desta lei contempla, entre os instrumentos que articularán os principios de cooperación, colaboración e asistencia recíprocas no ámbito interno do sector público autonómico, os acordos de colaboración ou cooperación para o desempeño de tarefas común. Estes acordos, regulados no artigo 14, poden formalizarse entre a Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades do sector público para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia. A colaboración ou cooperación consistirá na participación conxunta e efectiva no desenvolvemento da actividade común, mediante achegas de traballos de organización, medios persoais e materiais ou recursos financeiros para a finalidade compartida, de acordo coas respectivas competencias, e será sempre diferente das estruturas contractuais onerosas reguladas na legislación de contratos do sector público.

Pola súa parte, a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) establece, no seu artigo 31, dedicado á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, diversas formas de cooperación entre as distintas entidades pertencentes ao sector público, sen que o resultado desa cooperación poida



cualificarse de contractual. Nestes casos, indica este artigo que as entidades pertencentes ao sector público poderán, en todo caso, acordar a realización conxunta de contratacións específicas, e que cando un procedemento de contratación se desenvolva na súa totalidade de forma conxunta en nome e por conta de varias entidades, estas terán a responsabilidade conxunta do cumprimento das súas obrigas. Isto tamén será de aplicación naqueles casos en que unha sola entidade administre o procedemento, por conta propia ou por conta das demais entidades interesadas.

Tamén procede ter en conta a aplicación supletoria das previsións dos artigos 15 e 16 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico (“Acordos de colaboración ou cooperación para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común” e “Modalidades de actuación no financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común”, respectivamente), na medida en que, aínda que non esteamos ante un suposto de financiamento conxunto dos contratos, estes preceptos regulan a contratación conxunta no ámbito do sector público autonómico, determinando o contido dos acordos en relación coas licitacións dos contratos que se celebren para a satisfacción dunha finalidade común.

**Décimo.-** O persoal da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten alcanzado, polas competencias que lle son propias, un alto grao de especialización e eficiencia pola experiencia na tramitación, xestión e execución de contratos públicos relativos a infraestruturas, incluídos edificios administrativos.

Neste senso, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, xunto coas súas entidades instrumentais, concíbese como unha estrutura organizativa capaz de responder aos mandatos ou encargos que en relación coas súas competencias ou atribucións lle encomenden as Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia coa máxima celeridade, calidade e co mínimo custo posible, e salvagardando, en todo momento, as garantías necesarias para unha adecuada defensa dos intereses públicos afectados.

**Décimo primeiro.-** Os títulos competenciais que as partes ostentan en relación coas obras a realizar, sumados a obriga legal de realizar determinadas actividades tanto de carácter xurídico como técnicas, materiais e de servizos no curso da supervisión de proxectos e preparación, selección de contratista e adxudicación, así como durante a execución dun contrato público, así como a insuficiencia de medios na Amtega para a materialización de ditas actividades e o alto grao de especialización e eficiencia adquirida pola experiencia na tramitación e xestión de



contratos públicos polo persoal da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, por unha banda, e a experiencia e coñecemento do Inega no estudo e o apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional das enerxías e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos dos distintos sectores económicos de Galicia, por outra banda, xustifican unha colaboración entre as partes que permita garantir unha maior eficacia na tramitación, licitación e execución das actuacións a realizar nos edificios administrativos, e, máis concretamente, coma acontece neste caso, da supervisión do proxecto e da xestión dos contratos relativos ás actuacións necesarias para a mellora de eficiencia enerxética do edificio situado na rúa Domingo Fontán, número 9.

**Décimo segundo.-** En suma, considérase oportuno e beneficioso para o interese público que o Instituto Enerxético de Galicia e a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas presten a súa colaboración á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia na realización da actuación sinalada anteriormente.

Tendo en conta todo o anterior, considerándose xuridicamente procedente o establecemento deste sistema de colaboración, de conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, as partes acordan a formalización dun acordo interadministrativo de colaboración con suxeición ás seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.-Obxecto

O obxecto do presente acordo é establecer as bases de colaboración entre o Inega, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e a Amtega para a realización das actuacións precisas para o financiamento e execución da mellora da eficiencia enerxética do edificio situado na rúa Domingo Fontán, número 9, en Santiago de Compostela, así como dos servizos complementarios correspondentes.

### Segunda.- Obrigas das partes



Durante a execución das actuacións acordadas, o Inega, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e a Amtega comprométense a realizar cantas accións resulten precisas para a correcta e completa execución das actuacións previstas neste acordo.

De acordo co disposto no artigo 9,4 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021 polo que se establecen as disposicións comúns relativas ó Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ó Fondo Social Europeo Plus, ó Fondo de Cohesión, ó Fondo de Transición Xusta e ó Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para ditos Fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de Apoio Financeiro á Xestión de Fronteiras e a Política de Visados (en diante RDC) as actuacións que se leven a cabo respetarán o principio de “non causar un perxuizo significativo ó medio ambiente” (principio “do no significant harm” – DNSH). En atención ó considerando 10 do citado RDC o principio de non causar un perxuizo significativo ó medio ambiente debe interpretarse no sentido do artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 relativo ó establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles. Polo tanto, todas as actuacións que se executen dentro do Programa Galicia FEDER 2021-2027 deben cumprir o principio de non causar un perxuizo significativo ós seguintes obxectivos medioambientais recollidos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852 relativo ó establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles:

- 1 Mitigación do cambio climático.
- 2 Adaptación ao cambio climático.
- 3 Uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños.
- 4 Transición cara unha Economía circular
- 5 Prevención e control da contaminación
- 6 Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas

Garantirase o pleno cumprimento do principio de non causar un perxuizo significativo ao medio ambiente (principio “do no significant harm” – DNSH) e das condicións relativas ao ámbito de intervención da actuación

En base ao establecido no art. 9.3 do RDC, deberase garantir o cumprimento da normativa comunitaria, estatal e/o autonómica aplicable en materia de accesibilidade para persoas con discapacidade.

## 1.- Obrigas do Inega:



- a) Colaborar coa Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e a Amtega mediante o asesoramento e supervisión técnica do proxecto, coa emisión daqueles informes que, en materia de eficiencia enerxética, resulten precisos para a execución das actuacións previstas neste acordo.
- b) Prestar, cando sexa requirido pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ou a Amtega, a axuda e colaboración técnica necesaria para o desenvolvemento satisfactorio do acordo.
- c) Colaborar coas restantes partes na coordinación das actuacións necesarias entre os diferentes axentes implicados para materializar as obras obxecto do acordo de colaboración.
- d) Actuar como beneficiario a efectos do Programa Galicia Feder 2021-2027 perante o Organismo Intermedio e entidades e órganos que participan no desenvolvemento e control do Programa.
- e) Cumprir en todo momento coas obrigas derivadas da específica natureza dos fondos europeos que financian as actuacións previstas neste acordo.

## **2.- Obrigas da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas:**

- a) Coordinar as actuacións necesarias entre os diferentes axentes implicados para materializar as obras obxecto do acordo de colaboración.
- b) Realizar os actos e negocios xurídicos propios da preparación, selección de contratista, adjudicación e execución do contrato de obra de mellora da eficiencia enerxética do edificio situado na rúa Domingo Fontán, número 9, en Santiago de Compostela, así como dos contratos de servizos complementarios correspondentes.
- c) Asumir a posición de responsable do contrato.
- d) Realizar a supervisión técnica do proxecto, coa colaboración do Inega e da Amtega na parte de eficiencia enerxética, tecnolóxica e de equipamento.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación que se efectuasen polo Inega, así como a calquera outra de comprobación que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, e



xa que o proxecto está cofinanciado con fondos da Unión Europea, as comprobación e verificacións a realizar polo Organismo Intermedio, a Autoridade de Xestión e a Autoridade de Auditoría, e, se é o caso, polos órganos de Control da Comisión Europea, da Oficina de Loita Contra o Fraude (OLAF), da Fiscalía Europea e do Tribunal de Contas Europeo e outras instancias de control, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

f) Conservar a documentación administrativa relacionada coas actuacións obxecto do presente acordo que, dada a súa natureza, lle corresponda custodiar, durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que a autoridade de xestión efectúe o último pago ao beneficiario, tal e como se establece no artigo 82 do RDC.

g) En relación coas obrigas en materia de visibilidade, transparencia e comunicación reguladas nos artigos 47 e 50 do RDC, deberase cumprir co establecido no anexo IX do RDC, no documento “El uso del emblema europeo en el contexto de los programas de la UE 2021-2027” ([https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules\\_es.pdf](https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules_es.pdf)) publicado pola Unión Europea e na Guía de Comunicación elaborada polo Organismo Intermedio, co obxectivo de recoñecer a axuda dos Fondos Comunitarios á presente actuación e para elo:

- Exhibirá, nun lugar destacado de todos os documentos, actividades e materiais de comunicación relacionados coa actuación, o emblema europeo en combinación cunha declaración sinxela en relación co cofinanciamento, que mencione o apoio recibido da UE (“Cofinanciado pola Unión Europea”) e o logotipo de Fondos Europeos. Esta obrigaón resulta de aplicación para todas as actividades de comunicación relacionadas coa actuación, incluídas as referentes aos medios de comunicación, conferencias, seminarios e material informativo (como folletos, carteis, presentacións etc.) en formato electrónico, a través de medios de comunicación tradicionais ou das redes sociais; resulta tamén aplicable para calquera infraestrutura, equipo, vehículo, subministración ou resultado importante cofinanciado na contorna da actuación.

O emblema europeo listo para o seu uso, incluída a declaración de cofinanciamento, pode descargarse, na súa versión en castelán, desde o centro de descargas da Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana:

[https://ec.europa.eu/rexional\\_policy/en/information/logos\\_downloadcenter](https://ec.europa.eu/rexional_policy/en/information/logos_downloadcenter).



- Estará obrigado a, tan pronto como comece a actuación e durante toda a súa execución, colocar un cartel temporal de tamaño significativo ou valo publicitario resistente, nun lugar ben visible para o público, no que figure o emblema da Unión Europea e a declaración de cofinanciamento, de conformidade coas características técnicas que figuran no Anexo IX do RDC, cumprindo as directrices que estableza a Comisión Mixta de Seguimento.

- No prazo de 3 meses a partir da conclusión da actuación, colocarse un cartel ou placa permanente de tamaño significativo, nun lugar ben visible para o público, conforme ás directrices que estableza a Comisión Mixta de Seguimento.

- Deberá facilitar á Comisión de Seguimento, preferentemente en formato dixital, unha copia de todos os materiais de comunicación e publicidade que elabore no marco da actuación. Este material deberá ser posto ao dispor do Organismo Intermedio ou das institucións da Unión Europea se así llo solicitan.

h) Achegar os documentos que acrediten a execución do investimento, así como os informes e demais documentos que poidan ser esixidos polo Inega.

i) En relación coas medidas de loita contra a fraude, resúltalle de aplicación o vixente “Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia” así como mecanismos para a prevención, detección, corrección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de intereses. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco do presente procedemento de contratación poderá poñer devanditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo devandito Servizo na dirección web: <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>. Así mesmo, para os efectos de facilitar a remisión ás autoridades competentes de calquera información relevante á loita contra a fraude aos intereses financeiros da Unión Europea, a Xunta de Galicia pon ao dispor da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) ([https://siaci-publico.xunta.gal/siaci\\_publico](https://siaci-publico.xunta.gal/siaci_publico)) .

j) Subministrar ao Inega, cando se lle requira, a información necesaria para o rexistro, na aplicación implantada para a xestión de Fondos Europeos 2021-2027, dos datos relativos ás actuacións realizadas.



k) Cumprir en todo momento coas obrigas derivadas da específica natureza dos fondos europeos que financian as actuacións previstas neste acordo.

l) Calquera outra competencia que lle corresponda en virtude da normativa de aplicación.

Coa finalidade de axilizar a tramitación dos respectivos expedientes de contratación, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas remitirá escaneados os documentos necesarios para a emisión dos documentos contables pertinentes por parte da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia. Reciprocamente, unha vez contabilizados os ditos documentos contables, remitiranse escaneados á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

### **3.- Obrigas da Amtega:**

a) Achegar o financiamento previsto na cláusula cuarta do presente acordo.

b) Achegar o proxecto de mellora da eficiencia enerxética do edificio situado na rúa Domingo Fontán, número 9, en Santiago de Compostela, supervisado e aprobado.

c) Colaborar coa Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e co Inega na supervisión técnica do proxecto, coa emisión daqueles informes que, en materia tecnolóxica, resulten precisos.

d) Asumir, no caso de que así se requirise, a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan para a obtención dos permisos, licenzas ou autorizacións regulamentarias que deban ser solicitadas pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

e) Prestar, cando sexa requirido polo Inega ou pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a axuda e colaboración técnica necesaria para o desenvolvemento satisfactorio do acordo.

f) Facilitar á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas toda a información necesaria para levar a cabo as actuacións.

g) Asistir ao acto de recepción das diferentes intervencións que terá os efectos de entrega destas, de conformidade coa cláusula novena.



h) Someterse ás actuacións de comprobación que se efectuasen polo Inega, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, e xa que o proxecto está cofinanciado con fondos da Unión Europea, as comprobación e verificacións a realizar polo Organismo Intermedio, a Autoridade de Xestión e a Autoridade de Auditoría, e, se é o caso, polos órganos de Control da Comisión Europea, da Oficina de Loita Contra o Fraude (OLAF), da Fiscalía Europea e do Tribunal de Contas Europeo e outras instancias de control, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

i) Manter o investimento de que se trate para a finalidade e co carácter solicitado por un período mínimo de cinco anos desde o pagamento final ao beneficiario, de acordo co artigo 65.1 do RDC. Do mesmo xeito, deberá cubrir os custos de funcionamento e mantemento da actuación para garantir a súa sostibilidade financeira, en aplicación do estipulado no artigo 73.2.d) do RDC.

j) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro deste acordo.

k) Conservar a documentación administrativa relacionada coas actuacións obxecto do presente acordo que, dada a súa natureza, lle corresponda custodiar, durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que a autoridade de xestión efectúe o último pago ao beneficiario, tal e como se establece no artigo 82 do RDC.

l) En relación coas obrigas en materia de visibilidade, transparencia e comunicación reguladas nos artigos 47 e 50 do RDC, deberase cumprir co establecido no anexo IX do RDC, no documento “El uso del emblema europeo en el contexto de los programas de la UE 2021-2027” ([https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules\\_es.pdf](https://commission.europa.eu/system/files/2021-05/eu-emblem-rules_es.pdf)) publicado pola Unión Europea e na Guía de Comunicación elaborada polo Organismo Intermedio, co obxectivo de recoñecer a axuda dos Fondos Comunitarios á presente actuación e, para elo:

- Exhibirá, nun lugar destacado de todos os documentos, actividades e materiais de comunicación relacionados coa actuación, o emblema europeo en combinación cunha declaración sinxela en relación co cofinanciamento, que mencione o apoio recibido da UE (“Cofinanciado pola Unión Europea”) e o logotipo de Fondos Europeos. Esta obrigación resulta de aplicación para todas as actividades de comunicación relacionadas coa actuación, incluídas as referentes aos medios de comunicación, conferencias, seminarios e material informativo



(como folletos, carteis, presentacións etc.) en formato electrónico, a través de medios de comunicación tradicionais ou das redes sociais; resulta tamén aplicable para calquera infraestrutura, equipo, vehículo, subministración ou resultado importante cofinanciado na contorna da actuación.

O emblema europeo listo para o seu uso, incluída a declaración de cofinanciamento, pode descargarse, na súa versión en castelán, desde o centro de descargas da Dirección Xeral de Política Rexional e Urbana:

[https://ec.europa.eu/rexional\\_policy/en/information/logos\\_downloadcenter](https://ec.europa.eu/rexional_policy/en/information/logos_downloadcenter).

- Estará obrigado a, tan pronto como comece a actuación e durante toda a súa execución, colocar un cartel temporal de tamaño significativo ou valo publicitario resistente, nun lugar ben visible para o público, no que figure o emblema da Unión Europea e a declaración de cofinanciamento, de conformidade coas características técnicas que figuran no Anexo IX do RDC, cumprindo as directrices que estableza a Comisión Mixta de Seguimento.

- No prazo de 3 meses a partir da conclusión da actuación, colocarse un cartel ou placa permanente de tamaño significativo, nun lugar ben visible para o público, conforme ás directrices que estableza a Comisión Mixta de Seguimento.

- Deberá facilitar á Comisión de Seguimento, preferentemente en formato dixital, unha copia de todos os materiais de comunicación e publicidade que elabore no marco da actuación. Este material deberá ser posto ao dispor do Organismo Intermedio ou das institucións da Unión Europea se así llo solicitan.

m) Achegar os documentos que acrediten a execución do investimento, así como os informes e demais documentos que poidan ser esixidos polo Inega.

n) En relación coas medidas de loita contra a fraude, resúltalle de aplicación o vixente “Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia” así como mecanismos para a prevención, detección, corrección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de intereses. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco do presente procedemento de contratación poderá poñer devanditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por



medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto polo devandito Servizo na dirección web:<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>. Así mesmo, para os efectos de facilitar a remisión ás autoridades competentes de calquera información relevante á loita contra a fraude aos intereses financeiros da Unión Europea, a Xunta de Galicia pon ao dispor da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) ([https://siaci-publico.xunta.gal/siaci\\_publico](https://siaci-publico.xunta.gal/siaci_publico)) .

ñ) Dado que no marco da operación executaranse investimentos en infraestruturas cuxa vida útil é superior a cinco anos, deberá cumprir o requisito exixido no artigo 73.2.j) do RDC de garantir a protección fronte ao cambio climático dos investimentos nas ditas infraestruturas.

o) Subministrar ao Inega, cando se lle requira, a información necesaria para o rexistro, na aplicación implantada para a xestión de Fondos Europeos 2021-2027, dos datos relativos ás actuacións realizadas.

p) Cumprir en todo momento coas obrigas derivadas da específica natureza dos fondos europeos que financian as actuacións previstas neste acordo.

### **Terceira.- Execución das actividades obxecto do acordo**

Por parte da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas realizarase as prestacións recollidas neste acordo por si ou a través dunha entidade instrumental dela dependente, coa finalidade de garantir a correcta tramitación e execución das mesmas.

### **Cuarta.- Réxime para o financiamento dos negocios xurídicos necesarios para a realización das actuacións precisas para a mellora da eficiencia enerxética do edificio situado na rúa Domingo Fontán, número 9, en Santiago de Compostela.**

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia comprométese a cumprir o réxime de financiamento de seguido relacionado, para a execución das actuacións precisas para a mellora da eficiencia enerxética do edificio situado na rúa Domingo Fontán, número 9, en Santiago de Compostela.



O importe total estimado das actuacións necesarias para a mellora da eficiencia enerxética do edificio situado na rúa Domingo Fontán, número 9, en Santiago de Compostela ascende a 2.000.000 € (IVE engadido) que se financiará con cargo á aplicación 10.A1.611A.622.0 do orzamento da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para os anos 2025, 2026 e 2027 coa seguinte distribución:

	2025	2026	2027	TOTAL
10.A1.611A.622.0	6.000,00 €	1.200.000,00 €	794.000,00 €	2.000.000,00 €

Este importe corresponde á estimación do orzamento de execución das actuacións, así como os ensaios e probas e os restantes contratos e gastos accesorios que resulten necesarios. O importe exacto determinarase unha vez redactado o proxecto básico e de execución.

As actuacións obxecto deste acordo cofinanciaranse pola Unión Europea con cargo ao Programa de Galicia FEDER 2021-2027. No caso de non considerarse elixible algunha das partidas de gasto no marco do Programa Galicia FEDER 2021-2027, esa será financiada exclusivamente con cargo aos fondos propios da Amtega.

As actuacións obxecto deste convenio encádranse na liña de actuación 2.1.01 “Mellora da eficiencia enerxética en edificios e infraestruturas públicas”, obxectivo específico RSO2.1 “Fomentar a eficiencia enerxética e a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro”, prioridade P2A “Transición verde”, obxectivo político 2 “Unha Europa máis verde, hipocarbónica e en transición cara a unha economía con cero emisións netas de carbono, e resiliente, promovendo unha transición enerxética limpa e equitativa, a inversión verde e azul, a economía circular, a mitigación do cambio climático e a adaptación a el, a prevención e xestión de riscos e a mobilidade urbana sostible”, dentro do Programa de Galicia FEDER 2021-2027.

Con carácter previo ao inicio dos expedientes de contratación acreditarase a plena dispoñibilidade das cantidades que achegará a Amtega, mediante a incorporación deste acordo formalizado e certificado de existencia de crédito e retención correspondente na aplicación dos orzamentos de gastos da Amtega, sen que sexa preciso esixir a formalización de garantías por aquel.



Os maiores gastos que se deriven da execución dos contratos sobre o orzamento de adjudicación, derivados de modificacións contractuais, revisións de prezos ou liquidacións, corresponderán á Amtega e requirirán da realización dunha previa adenda a este acordo de colaboración na que se contemple a retención dos maiores créditos precisos. En todo caso, a aprobación de revisións ou modificacións do contrato precisarán da conformidade previa do Inega e da Amtega.

Para a realización destas actuacións a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e a Amtega realizarán conxuntamente, baixo a modalidade de concorrencia subxectiva na posición xurídica do contratante, as contratacións que procedan para a realización da mellora da eficiencia enerxética do edificio situado na rúa Domingo Fontán, número 9, en Santiago de Compostela. En particular, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas actuará como órgano de contratación en nome e por conta propia e da Amtega. Pola súa parte, a Amtega, en tanto que órgano financiador do contrato, asume a obriga de pagamento das cantidades comprometidas aos adjudicatarios. Nos pregos que rexan a contratación deberá regularse expresamente que a Amtega será responsable directa da obriga de pagamento das cantidades comprometidas.

Nos pregos que rexan a contratación deberá regularse igualmente que a contratación levarase a cabo coa concorrencia subxectiva da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e a Amtega na posición do contratante. En consecuencia, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e a Amtega quedarán obrigadas respecto dos contratistas, concorrendo á cotitularidade dos contratos, ben que a Amtega será responsable directa da obriga de pagamento das cantidades comprometidas.

O órgano de contratación da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas iniciará e aprobará os correspondentes expedientes de contratación, motivando a necesidade dos contratos nos termos previstos na lexislación de contratos do sector público, para o que contará coa información facilitada pola Amtega e polo Inega.

O órgano de contratación ao que lle corresponda a tramitación e adjudicación dos contratos actuará nos expedientes de contratación e na execución dos contratos en nome e por conta propia e da Amtega, con base no presente acordo de colaboración, e poderá exercer todas as potestades que a lexislación reconece ao órgano de contratación fronte aos contratistas.

Así, regularase nos pregos de condicións o órgano de contratación que se ocupará da tramitación, adjudicación e formalización do contrato, a identificación do órgano administrativo



con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano que procederá ao abono das facturas.

O órgano financiador será responsable directo da obriga de tramitación contable dos expedientes, así como de pagar aos contratistas as cantidades comprometidas pola execución dos contratos. Regularase tamén de xeito expreso que órgano actúa como órgano fiscalizador e as súas funcións.

As certificacións dos contratos deberán ser conformadas polo órgano de contratación previamente á súa remisión ao órgano financiador para a tramitación contable. Por tal motivo, a remisión das mesmas pola empresa contratista non se levará a cabo directamente ao órgano financiador, senón a través do órgano de contratación para o seu control e aprobación, de ser o caso.

En ningún caso, o órgano de contratación será responsable do aboamento das cantidades comprometidas.

O Inega levará a cabo a comprobación da execución dos investimentos que se realicen, debendo proceder a asignar os medios materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento.

O Inega resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do acordo.

#### **Quinta.- Modificación**

Calquera modificación no contido deste acordo, requirirá acordo unánime entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a Amtega e o Inega.

De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o acordo poderá ser obxecto de modificación cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou, no caso de que este acordo teña carácter plurianual, a ampliación do seu prazo de execución.

Así mesmo, coa finalidade de adecuar o financiamento previsto na cláusula cuarta ao ritmo de execución das actuacións que constitúen o obxecto deste acordo, por proposta da Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima poderán reaxustarse as cantidades previstas para cada



anualidade, sempre que non se incremente o importe total do acordo nin o número de anualidades. Este reaxuste deberá de formalizarse mediante o asinamento da correspondente addenda de modificación do acordo.

#### **Sexta.- Vixencia**

O presente acordo terá efecto desde o momento da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2027, sen prexuízo das posibles prórrogas que poidan acordarse por mutuo acordo entre as partes, previo informe da Comisión de Seguimento, expresado cunha antelación mínima dun mes á data de finalización deste e respectando en todo caso a duración máxima prevista na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### **Sétima.- Comisión de Seguimento.**

Establécese unha Comisión de Seguimento do presente acordo integrada por un mínimo de dous representantes por cada unha das partes asinantes deste acordo. Os membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas que estes designen. A substitución, con carácter definitivo ou temporal, de calquera dos membros da Comisión de Seguimento, será anunciada na convocatoria de reunión correspondente, e quedará debidamente reflectida na acta da mesma.

Esta comisión estará presidida por un dos representantes da Amtega, e actuará como secretario un dos representantes da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas.

A Comisión de Seguimento asumirá, entre outras, as seguintes funcións:

- Coordinación supervisión, seguimento e control das actividades necesarias para a execución deste acordo, así como garantir unha solución ás incidencias de natureza técnica que poidan xurdir.
- Propoñer o reaxuste das cantidades previstas, sempre que non se incremente o importe total do acordo nin o número de anualidades, coa finalidade de adecuar o financiamento previsto na cláusula cuarta ao ritmo de execución das actuacións que constitúen o obxecto deste acordo.



- Resolver os problemas de interpretación e cumprimento que se deriven do presente acordo.

As desconformidades que emita esta Comisión de Seguimento no exercicio das súas funcións deberán estar motivadas tecnicamente e propondrá, de ser o caso, as alternativas que se consideren oportunas

A comisión reunirse en sesión constitutiva no prazo dun mes dende a sinatura do acordo e poderá reunirse cantas veces estimen oportuno as partes, para mellor cumprimento e execución deste acordo, e por iniciativa de calquera delas.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **Oitava.- Recepción das intervencións obxecto de acordo**

Unha vez levada a cabo a execución das actuacións que constitúen o obxecto deste acordo e tras o cumprimento dos trámites contractuais entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e o contratista, procederase á recepción das obras.

A recepción do contrato público desenvolverase de acordo co réxime xurídico previsto para este acto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Á recepción asistirá un representante da Amtega, un representante da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, o director facultativo da obra, o representante da Intervención, se asiste, e un representante do contratista.

Da recepción levantarase a oportuna acta na que se farán constar todas as circunstancias que se consideren oportunas en relación coa execución dos proxectos e modificacións aprobadas.

Así mesmo, a acta de recepción terá para todos os efectos o carácter de entrega da obra á Amtega, circunstancia que figurará expresamente na acta. A partir da data de sinatura da dita acta de recepción e entrega a Amtega asumirá as operacións de explotación, conservación e mantemento.

#### **Novena.- Protección de datos**



## 1. Tratamento de datos persoais das partes intervenientes no acordo

As partes intervenientes manifestan ter sido informadas, respecto dos seus propios datos persoais que se faciliten para a formalización e o adecuado desenvolvemento deste acordo, conforme ao disposto no artigo 13 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais (en diante, RXPD). A lexitimación para o tratamento dos datos seus datos, será a execución do presente acordo.

No caso de que, no ámbito deste acordo, os intervenientes se facilitasen respectivamente datos persoais de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, estes serán tratados para o cumprimento dunha misión de interese público ou o exercicio de poderes públicos, debendo informar previamente á súa comunicación aos interesados dos extremos previstos no devandito artigo 13.

## 2. Deber de confidencialidade das partes intervenientes no acordo.

As partes intervenientes deberán respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle foran confiados para a formalización do acordo ou que sexan elaborados con ocasión da execución do mesmo. Así, quedan expresamente obrigadas:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito deste acordo e para as finalidades previstas no mesmo;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou co que colabore na execución do acordo;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a forneceu;

Considerarase información confidencial aquela á que os intervenientes accedan en virtude do presente acordo, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de



mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

#### **Décima.- Extinción**

O presente acordo extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- a) O mutuo acordo das partes asinantes.
- b) A concorrencia dalgunha das causas que o artigo 18 da Lei 14/2013 prevé como causa de denegación da cooperación, colaboración e asistencia no ámbito interno do sector público autonómico.

#### **Décimo primeira.- Natureza e réxime xurídico**

O presente acordo ten natureza administrativa e rexerase polo artigo 31 da LCSP así como polos artigos 10, 14, 15, 16 e 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro. No non previsto nestas condicións básicas de execución, seranlle de aplicación os principios inspiradores da LCSP para resolver as dúbidas e lagoas que puideran producirse.

Especificamente, as discrepancias que se poidan producir no cumprimento e execución do presente acordo -incluídos posibles incumprimentos- que non poidan ser resoltas no seo da comisión de seguimento resolveranse nos termos previstos no artigo 18.3 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, en relación co artigo 13 da Lei 16/2010 do 17 de decembro.

#### **Décimo segunda.-Publicidade e rexistro do acordo. Consentimento para a publicidade de datos persoais que figuran no acordo**

Este acordo será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do acordo.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente acordo de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, deberase incluír en toda a documentación (técnica, administrativa, de promoción, difusión ou publicitaria ben sexa en soporte papel, electrónico ou audiovisual) e sobre os activos materiais dos proxectos de aforro e eficiencia enerxética e de aproveitamento de enerxías renovables, que polo tamaño, valor ou outra característica que razoablemente se considere relevante, executados con cargo aos fondos do presente acordo, a publicidade segundo a lenda específica asociada ao financiamento con fondos Feder, lenda que estará situada nun lugar destacado nos soportes antes mencionados, cuns tipos de letra iguais ou superiores aos do maior tamaño dos que acompañan no mesmo texto global.

E en proba de conformidade co exposto, asinan dixitalmente este acordo na data consignada na sinatura dixital.

A conselleira de Vivenda e Planificación de  
Infraestruturas

María Martínez Allegue

O director da Axencia para a  
Modernización Tecnolóxica de Galicia

Julián Cerviño Iglesia

O director do Instituto Enerxético de Galicia

Pablo Fernández Vila

